

## O mellor Nadal de Luís

Luís é un neno un pouco egoísta. Cando algún amigo ou algunha amiga ten un problema, non o escoita.

A Luís encántalle o Nadal porque o pasa fenomenal: participa nun belén vivente; canta panxoliñas no coro da igrexa; visita os seus familiares, xoga cos seus amigos e amigas...

Este ano, antes do Nadal, caeu e mancouse nunha perna. Levárono ao hospital e o médico díxolle:

—Para que a túa perna cure, non poderás andar durante un mes.

—Pero se non podo andar, vou estar só e non poderei pasalo ben este Nadal —protestou Luís, moi enfadado.

Ao día seguinte, os seus pais leváronlle unha cadeira de rodas. Ademais, visitárono os seus amigos e fixéronlle unha gran promesa:

—Para que a túa perna cure, non poderás andar durante un mes.

—Pero se non podo andar, vou estar só e non poderei pasalo ben este Nadal —protestou Luís, moi enfadado.

Ao día seguinte, os seus pais leváronlle unha cadeira de rodas. Ademais, visitárono os seus amigos e fixéronlle unha gran promesa:

—Non te preocupes, Luís. Prometémosche que este Nadal estaremos contigo.

Durante o Nadal, os seus amigos e amigas foron buscalo para xogar coa neve e facer un boneco, acompañárono ao cine, levárono a cantar no coro... Ademais, ese ano elixírono para ser o rei Melchor no portal vivente.

Ese Nadal, Luís descubriu o valor de cumprir as boas promesas e sentiu que todos comprendían a súa situación e o axudaban. Arrepentido do seu egoísmo, regaloulles tarxetas aos seus amigos e amigas con esta mensaxe:

«Grazas por cumprires a túa promesa e por te poñeres no meu lugar! Grazas por me comprenderes e me axudares! Grazas por me faceres vivir o mellor Nadal da miña vida!».

## Comento a lectura e reflexiono

- 1 Que lle aconteceu a Luís antes do Nadal?
- 2 Que descubriu Luís no Nadal?

3. Gustouche a lectura?